

# CASTELAO: SÍMBOLO E GUIEIRO DO NACIONALISMO

Castelao resume o millor do pensamento galeguista anterior (agrarismo; irmandades da fala), aséntase na tradición laica e republicana e inícia o nacionalismo actuante partidariamente, dotándoo dun pensamento progresista e innovador. O seu internacionalismo xa non foi un adubio cosmopolita (como o de Risco), senón unha fonda convición da igualdade de todos os homes e de todos os povos; o seu anti-capitalismo non era unha mirada ao pasado nen un aceno estético, senón a fonda convición e intuición de que a Humanidade evolucionaba socialmente e de que as grandes palabras estaban valeiras se non había democracia económica. Sabía, ademais, que o fenómeno imperialista era unha consecuencia da expansión capitalista. É Castelao a grande contribución dun povo que non pode ser analizado desde unha perspectiva típica do sistema capitalista avanzado senón dunha realidade colonial pre-capitalista. É a grande contribución, a madurecida, que nos suministra a particularidade da contradición. A realidade obxectiva de Galicia, co seu xogo de contrários, produciu o adianto do pensamento político e provocou o inicio práctico-político da loita pola transformación da nosa realidade nacional (1).

Só mantén o idealismo, típico da pequena burguesía hispánica, no seu plantexamento espacial, xeográfico, e non clasista, do problema de “Hespaña” como un problema de Castela, co que se está a realizar unha mitificación histórica, válida seguramente até o século XVIII, pero ineficaz e terxiversadora desde que existe o Estado capitalista español (o século XIX). Asemade, desvincula, desta forma, no seu plantexamento específico, o problema nacional no Estado do problema do imperialismo e do capitalismo, aspecto do que, nun sentido xenérico, era dabondo consciente e coerente. A súa escrita da palabra “Hespaña”, o seu iberismo, na millor tradición do republicanismo federalista, respontan a un obxectivo ideal de reconstrución dunha Hespaña que poido ter sido, se non for pola torpeza imperial de Castela. Tampouco é alleo o seu anti-monasquismo e o seu liberalismo cristiano á traxectoria da pequena burguesía laica republicana, contraría á Igrexa Católica, como institución inquisitorial e opresiva, e á Monarquía, como cova da reacción e da represión.

Inda que o sexa, e grande, Castelao non é só artista. Non é de todos; non é manifestación sentimental e mística dun suposto galeguismo que se quer manter na inacción ou que se considera só válido nas esferas do psicolóxico e persoal. Nel o esforzo de teorización está asentado nunha praxe e na necesidade das clases populares do país, lonxe das elucubracións filosóficas, abstractas, ahistóricas e antimaterialistas. Non é un boémio, inda que tamén o fose nalgunha ocasión; non foi só unha boa persoa, “un bo e xeneroso”; é clarificación, ponto de chegada do galeguismo e ponto de partida do nacionalismo. Pese ao inxento do seu obxectivo (a liberación de Galicia), a súa palabra continua en pé, movilizandoo xentes, sen desánimos, porque, como el mesmo escribiu a Irujo, exministro do PNV no Goberno da República no exilio, “sempre procurei vivir a ras de terra” (2).

(1) *Perspectiva desde a que hai que analizar o pensamento pre-nacionalista e nacionalista, para non facer xuícios de valor irresponsábeis sobre do seu carácter presuntamente reaccionario, só polo peso do campesinado, pequeno propietario, polas súas tendencias organicistas, en ocasións, ou pola súa afervorada crítica do liberalismo, noutras moitas, e mesmo do Capitalismo. A metodoloxía debe servir para esclarecer un fenómeno antagónico ao pensamento dos países “normais”.*

(2) 15 de abril de 1948, en Valentín Paz Andrade, obra citada, pág. 530.

FRANCISCO RODRÍGUEZ (Serantes, Ferrol 1945). Mora en Compostela.

Profesor de lingua e literatura españolas e político.

Ensaio: A evolución ideolóxica de M. Curros Enríquez, Conflito lingüístico e ideoloxía en Galicia, Problemática nacional e colonialismo: o caso galego (con R. López-Suevos).